

AVALIACIÓN DE LINGUA GALEGA

Nome:

Curso:

Data:

— **O Apalpador:** A min coñéceseme agora como o Apalpador, pero eu sempre fun o Carboeiro, por ser fillo, neto, bisneto e tataraneto de carboeiros. Nacín entre carbón hai moitos anos, moitos anos na serra do Courel e, por iso, de pequeno andei de negro coma un chamizo, completamente tismado polo carbón, ata que veu a auga da traída e a luz eléctrica. Daquela comezamos a lavarnos máis a miúdo e coa electricidade deixou de usarse o carbón, e o negro pasámolo de levar por fóra a levalo por dentro por culpa da fame negra. Porque nós para comer só tiñamos unha cousa que ten altos padres, madres capeludas e fillos furafóles. A que non sabedes o que é? (Diríxese a un do público).

Adiviña ti se podes, que non has adiviñar, nin neste ano nin para o que vén, se non cho di alguén, porque os fillos furafóles son os vermes..., as madres capeludas, os ourizos..., e os altos padres, os castiñeiros.

— **O público:** As castañas!

Fragmento do libro *O castiñeiro do apalpador*, de Inacio Vilariño.

1. Por que lle chamaban Carboeiro ao Apalpador?

2. O apalpador adoitaba a estar negro coma un chamizo. Que pasou cando chegou a auga da traída á serra do Courel?

3. Cal é o motivo polo que deixaron de usar carbón?

4. Pasan unha fame negra. Que era o único que tiñan para comer?

